


Os foros en Moodle

ÍNDICE

Introdución.....	2
Aspectos a configurar no foro.....	3
Funcionamento.....	8

Introdución

O Foro é unha actividade de comunicación e traballo, sendo moi útil para resolver dúbidas, por exemplo. Tanto os profesores coma os estudantes poden escribir novas mensaxes ou responder a outras anteriores, creando deste xeito fíos de conversación.




Cada intervención queda rexistrada no sistema co nome do autor e a data da publicación, e a súa aportación pode facela en calquera momento, non é necesario que se atopen ao mesmo tempo para poder opinar.

Moodle permite crear distintos tipos de Foro, podendo achegar arquivos e cualificar as intervencións. É posible subscribirse, recibindo un correo electrónico por cada nova intervención.


Para engadir un Foro ao curso:

1. Na páxina do curso, pulsar sobre a icona de "Activar a edición",



2. Na sección onde imos crear o foro, pulsar "Engadir unha actividade ou un recurso" e seleccionar "Foro".

 Engadir unha actividade ou un recurso



Aspectos a configurar nun foro

- *Xeral*

▼ Xeral

Nome do foro !

Descrición

↵ A B I

☐ Presentar a descrición na páxina do curso ?

Tipo de foro ?

- Indicamos o nome do foro e se queremos unha pequena descripción facendo referencia á temática de discusión, que se poderá mostrar na páxina do curso ou non.
- Seleccionar o "Tipo de foro", tendo en conta que hai:

Cada persoa comenta un debate	Cada participante pode formular un único tema de discusión e o resto poden responder.
Foro P e Q (Foro pregunta e resposta)	Os alumnos deben dar os seus puntos de vista á pregunta formulada polo profesor para poder ver os comentarios do resto de compañeiros.
Foro estándar para uso xeral	É un foro aberto no que calquera pode comezar un novo tema de debate en calquera momento.
Foro estándar que aparece nun formato de blog	É un foro aberto no que calquera pode comezar un novo tema de debate en calquera momento, os temas de debate amósanse nunha páxina con ligazóns "Debate este tema".
Un debate simple único	O profesor formula un único tema de debate ao que todos poden responder

- **Dispoñibilidade:** indicar o período de tempo no que os alumnos poden publicar no foro.

▼ Dispoñibilidade

Data límite ? 29 ▾ Novembro ▾ 2021 ▾ 10 ▾ 00 ▾  ☒ Activar

Data de corte ? 17 ▾ Decembro ▾ 2021 ▾ 23 ▾ 59 ▾  ☒ Activar

- **Anexos e reconto de palabras:** especificar se se poderán incluír arquivos e cantos e cal será o tamaño máximo, así coma se se mostrará o número de palabras da mensaxe.




▼ Anexos e reconto de palabras

Tamaño máximo do anexo ? 1MB

Número máximo de anexos: ? 2

Amosar o número de palabras ? Non

- **Subscripción e seguimento:** Cando un participante esté subscrito a un foro significa que recibirá unha copia por correo electrónico das intervencións que se fagan nese foro polo resto de participantes. Hai 4 formas de subscripción:




▼ Subscripción e seguimento

Modo de subscripción ? Subscripción opcional

Ler o seguimento deste foro? ? Subscripción forzada
Autosubscripción
Subscripción desactivada


- **Subscripción opcional:** inicialmente non se está subscrito e o alumno decide se o quere estar.
 - **Subscripción forzada:** o profesor obriga a que todos os usuarios estean subscritos, sen que teñan a posibilidade de darse de baixa.
 - **Auto-Subscripción:** o profesor deixa inicialmente subscritos a todos os usuarios, dando a posibilidade de que se dean de baixa cando o desexen.
 - **Subscripción desactivada:** o profesor non permite a subscripción a ningún alumno
- **Bloqueo do debate:** establecemos o tempo que debe pasar dende a última intervención para que a discusión quede bloqueada.



▼ Bloqueo do debate

Bloquea os debates após un período de inactividade ? Non bloquear os debates

- *Limiar de comentarios para bloqueo:* podemos bloquear aos usuarios que comenten máis dun determinado número de comentarios nun período dado.




▼ Limiar de comentarios para bloqueo

Período de tempo para bloqueo ? 3 días

Limiar de comentarios para bloqueo ? 0

Limiar de comentarios para advertencia ? 0

- *Cualificación de todo o foro:* o foro pode ser calificado



▼ Cualificación de todo o foro

Cualificación ?

Tipo Ningún Ningún Escala Punto

- *Puntuacións:* cómo se calificará o foro, podendo indicar a nota mínima para aprobar esta actividade.



▼ Puntuacións

Roles con permiso para cualificar ? A comprobación da funcionalidade non está dispoñíbel ata que se garde a actividade

Tipo de agregación ? Media de puntuacións

Escala ?

Tipo Punto

Puntuación máxima 10

☐ Limitar as puntuacións aos elementos con datas neste intervalo:

Categoría de cualificación ? Sen categoría

Cualificación para aprobar ? 6

- **Restrinxir acceso:** comentado no Módulo I

Unha vez configurado

Gardar e volver ao curso

Funcionamento

Facendo clic no foro



podemos ver cantas respostas hai, formular un novo tema

Foro de dúbidas do Módulo I

Engadir un novo tema de debate

Debate	Comezado por	Último comentario ↓	Respostas
☆ QUÉ é un foro de discusión simple?	PROBA Alumno 2 de Nov de 2021	Paulos Lareo Fina 2 de Nov de 2021	1

e facendo clic no propio tema a debater vemos as aportacións feitas, así coma as operacións que ase amosan debaixo da aportación (co perfil de profesor)

Presentar respostas de forma aniñada
Mover este debate a ...
Mover

QUÉ é un foro de discusión simple?
por PROBA Alumno - Martes, 2 de Novembro de 2021, 00:26

Non entendín cal é a finalidade dun foro de discusión simple.

Ligazón permanente
Editar
Eliminar
Responder

Re: QUÉ é un foro de discusión simple?
por Paulos Lareo Fina - Martes, 2 de Novembro de 2021, 00:27

É aquel foro plantexado polo profesor sobre un único tema de debate.

Ligazón permanente
Amosar pai
Editar
Dividir
Eliminar
Responder

O alumno pode crear un novo tema de discusión ou ben responder a un xa existente:

Foro de dúbidas do Módulo I

QUÉ é un foro de discusión simple?

Axustes ▾

Presentar respostas de forma aniñada ▾

**QUÉ é un foro de discusión simple?**
por PROBA Alumno - Martes, 2 de Novembro de 2021, 00:26

Non entendín cal é a finalidade dun foro de discusión simple.

Ligazón permanente Responder

**Re: QUÉ é un foro de discusión simple?**
por Paulos Lareo Fina - Martes, 2 de Novembro de 2021, 00:27

É aquel foro plantexado polo profesor sobre un único tema de debate.

Ligazón permanente Amosar pai Responder



“Os foros en Moodle” by Fina Paulos Lareo is licensed under a [Creative Commons Reconocimiento-NoComercial-CompartirIgual 4.0 Internacional License](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/).